



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

MESA DE FORMACIÓN

A Administración infórmanos en primeiro lugar sobre a realización dos cursos no primeiro trimestre, así como a súa avaliación. Infórmasenos tamén que está executado o 40% do Plan de Formación.

En canto a execución presupuestaria da formación continua, dos 1.251.000€ que se solicitan o INAP concédense á AEAT 905.000€, que ven sendo un 30% menos do solicitado. A AEAT comunícanos este recorte supón realizar axustes e que éstos vánse facer nos cursos de promoción interna (Xestión do Estado) e idiomas. A CIG manifesta, ao igual que o resto da parte social, a súa oposición, pero non hai outra opción xa que a AEAT non está disposta a asumir a diferenza. Tamén presentamos unha queixa pola "política" de cursos da AEAT e a súa execución, case en exclusiva, nas Delegacións obrigando ao persoal das Administracións a facer grandes desprazamentos.

Respecto aos cursos e-learning, infórmasenos que se acaba de comezar co proceso de contratación da plataforma, polo que é máis que probable que non esté en marcha ata o mes de setembro. A todo isto temos que engadir que a aplicación ZUJAR de control de formación tamén leva certo retraso. No obstante (e isto si que é unha boa noticia), coa nova plataforma e-learning vaise poder entrar pola Intranet e mais tamen por Internet, o que facilitará a realización e seguimento dos cursos por parte de todo o persoal. A proba piloto vanna facer a mediados do mes de xullo e a ver cómo vai a cousa, pois senón vai ser ben difícil que todo esté en marcha para setembro.

En canto a novidades, e por certo, que para a CIG son malas noticias, non só se eliminan as axudas para idiomas extranxeiros, senón que a AEAT comunícanos que o curso de inglés da UNED so estará operativo ata xuño de 2011, xa que en canto remate este curso desaparecerá do plan de formación. Segundo os responsables da AEAT, son uns cartos que non están ben aproveitados de todo. Neste sentido manifestamos a nosa disconformidade pois eran cursos que tiñan gran aceptación (había moitísima demanda) e pensamos ademais, que moi necesarios.

En canto as axudas para a preparación física do persoal de Vixilancia Aduaneira informámosenos que serán de 310€ por ano e alumno. Faranse grupos, no que respecta a Galicia, en Vigo, Coruña, Ourense, Muros, Ribadeo, Vilagarcía e Marín, o que supón un grupo máis respecto ao ano 2010.

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com